

RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DO 6 DE OUTUBRO DE 2021 POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DO 15 DE OUTUBRO DE 2020 DE DELEGACIÓN DE SINATURA DA POTESTADE DE CERTIFICACIÓN DA SECRETARIA OU SECRETARIO XERAL EN DETERMINADOS ÓRGANOS E UNIDADES

Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (USC) no seu artigo 89 establecen entre as funcións específicas do secretario ou secretaria xeral da Universidade a de expedir certificacións da documentación oficial da USC e a de dar fe pública dos acordos dos órganos de goberno, representación e administración da Universidade.

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público establece no seu artigo 12, sobre delegación de sinatura, que:

“1. Los titulares de los órganos administrativos podrán, en materias de su competencia, que ostenten, bien por atribución, bien por delegación de competencias, delegar la firma de sus resoluciones y actos administrativos en los titulares de los órganos o unidades administrativas que de ellos dependan, dentro de los límites señalados en el artículo 9.

2. La delegación de firma no alterará la competencia del órgano delegante y para su validez no será necesaria su publicación.

3. En las resoluciones y actos que se firmen por delegación se hará constar esta circunstancia y la autoridad de procedencia.”

Ao ser competencia propia do secretario ou secretaria xeral a facultade de certificación, co obxecto de axilizar a xestión dos procedementos administrativos realizouse unha delegación de sinatura da potestade de certificación en determinados órganos por resolución do 15 de outubro de 2020, modificada posteriormente o 1 de xullo de 2021 para o caso da delegación no Servizo de Xestión Académica.

Trasladados pola Xerencia cambios nas atribucións administrativas da área de Investigación, cómpre modificar a Resolución da Secretaría Xeral do 15 de outubro de 2020, de delegación de sinatura da secretaria ou secretario xeral.

Por todo o anterior, **RESOLVO:**

Primeiro.

Modificar o apartado quinto da Resolución da Secretaría Xeral do 15 de outubro de 2020 de delegación de sinatura da potestade de certificación da secretaria ou secretario xeral en determinados órganos e unidades, que queda redactado do seguinte xeito:

Quinto. Delegación na Xerencia.

1.- Delégase na persoa titular da Xerencia a expedición de certificacións de carácter económico para informar de operacións que son resultado da execución dos orzamentos e das que hai constancia nos asentos da súa contabilidade orzamentaria.

2.- *Delégase na persoa titular da Vicexerencia de Persoal, Investigación e Planificación Estratéxica a sinatura das seguintes certificacións:*

a. As relativas ao financiamento, ingresos, execución de gastos e información económica en xeral, destinadas exclusivamente á xustificación diante das entidades financiadoras, das actividades de I+D que se realicen na USC.

b. As relativas aos datos que consten na documentación que se atopa nos arquivos da Subárea de Convocatorias e Programas de Recursos Humanos.

Segundo.

Suprimir o apartado sexto da Resolución da Secretaría Xeral do 15 de outubro de 2020 de delegación de sinatura da potestade de certificación da secretaria ou secretario xeral en determinados órganos e unidades, relativo á delegación na Área de Xestión de Investigación.

Terceiro.

A presente instrución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico da USC.

A secretaria xeral

Dulce M^a García Mella

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

TABOLEIRO ELECTRÓNICO

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 06/10/2021 10:41:38.

CSV: B105-E1D8-43DF-B241